



## ANEXO B

### **Baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos**

#### **1. Estar en situación de demandante de emprego.**

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Polo tempo transcorrido como desempleado/a, debidamente acreditado e sempre que

sexa demandante de emprego (non mellora de emprego): 0,25 puntos por mes completo

durante un tempo máximo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

#### **2. Formación.**

A puntuación máxima que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Nesta epígrafe computaranse as actividades de formación realizadas pola persoa interesada

e a titulación académica que posúa.

a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).

1º. Valoraranse as actividades recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de explotación a pé para recursos específicos que estean inscritas no catálogo de actividades

formativas, segundo o establecido no anexo II.

2º. Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita

acadar a maior puntuación.

3º. Os certificados de mariscador/a e percebeiro/a non serán puntuables.

b) Titulación académica.

1º. Graduado/a en ESO ou equivalente: 0,15 puntos.



# XUNTA DE GALICIA

galicia

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO  
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

2º. Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos.

3º. Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,35 puntos.

4º. Licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación,

só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ademais, cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselle 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica.

### **3. Experiencia profesional na extracción de recursos mariños.**

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 2 puntos.

a) Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos

anteriores á data da convocatoria: 1 punto por ano completo.

b) Ter sido titular dun permiso de explotación para marisqueo a pé nos 2 anos anteriores

á data da convocatoria: 0,5 puntos por ano completo.

Non se terán en conta os aspectos recollidos nas letras a) e b) cando a perda dos permisos

de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.

c) Ter estado enrolado/a como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións

que contan coa modalidade do recurso específico do que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,04 puntos/mes completo



# XUNTA DE GALICIA

galicia

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO  
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.

**4. Empadramento** nun concello situado no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión en que está prevista a incorporación, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria: 2 puntos.

**5.** En caso de **empate** na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.